



Concello de
Oza Cesuras

**DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO,
ALCALDE DESTE CONCELLO,**

A TODOS OS VECIÑOS DO TÉRMINO MUNICIPAL

INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitudes para o PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS 2016, convocado pola *Consellería de Política Social da Xunta de Galicia*. Convócanse un total de 607 prazas, modalidade “todo incluído”.

BALNEARIOS (dende 299,81 € ata 376,46 €, estadias de 10 días con tratamento termal, aloxamento e manutención):

- | | |
|---|--|
| - Balneario de Acuña _ Caldas de Reis (Pontevedra) | - Baños Vello de Carballo S.A. _ Carballo (A Coruña) |
| - Caldaria Termal, S.L.U. _ Arnoia (Ourense) | - Termas de Cuntis S.L.(con aloxamento no Hotel Castro do Balneario de Cuntis) _ Cuntis (Pontevedra) |
| - Hotel Balneario de Augas Santas S.L.U. - Ferreira de Pantón (Lugo) | - Caldaria Termal, S.L.U.Laias _ Cenlle (Ourense) |
| - Os Baños da Brea, S.L. _ Vila de Cruces (Pontevedra) | - Caldaria Termal, S.L.U.Lobios (con aloxamento en Hotel Lusitano) _ Lobios (Ourense) |
| - Balneario de Molgas, S.L. _ Baños de Molgas (Ourense) | - Balneario do Río Pambre S.L. - Palas de Rei (Lugo) |
| - Balneario de Caldelas, S.L. _ Tui (Pontevedra) | - Balneario Termas de Lugo S.L. - Lugo |
| - Gran Balneario de Carballiño(con aloxamento na Residenc.Tempo Libre do Carballiño) _ Carballiño (Ourense) | - Balneario de Guitiriz _ Guitiriz (Lugo) |
| | - Balneario Eurostars Isla de La Toja _ O Grove (Pontevedra). |

BENEFICIARIOS, requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou de 55 reunindo a condición de pensionista do Sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos/as ou persoas tuteladas que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais ou condutuais, non compensados, que poidan alterar a normal convivencia durante o transcurso da quenda.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

Así mesmo, poderán ser beneficiarios das prazas os cónxuxes ou con relación análoga á conxugal, que cumpran os requisitos anteriores, excepto o sinalado na letra a).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ESTARÁ ABERTO ATA O DÍA 7 DE MARZO.

Para máis información dirixirse aos **Servizos Sociais Comunitarios: Telfs. 981792000 e 981790001.**

